

"Nos límites da luz habita a sombra"

31.12.2010 O Roteiro Fiz Vergara Vilariño representa, para o escritor Francisco X. Fernández Naval, unha aventura que nos leva a un percorrido emocional e poético

LUPE GÓMEZ

"De perder a sombra, que luz nos cambiaría? que lampo verde de auga ou que esperanza?" di o poeta Francisco X. Fernández Naval no seu libro *Bater de sombras* que aparece publicado na editorial Espiral Maior e que resultou gañador do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. O poder hipnótico e sutil dos seus poemas fai que semelle que o poeta nos está contando segredos que son de ouro. Enfróntase á contradición dinámica entre luces e sombras. Fala dende os límites da vida e da ilusión. O acougo sentimental nace, e florece, nos pozos do desacougo. Unha luz cegadora representa, finalmente, o inicio dunha infancia, dun amor, dunha retórica e dun mar de inverno.

De onde veñen o teu nome e os teus apelidos?

O apelido Naval era o segundo do meu avó materno, que recuperei, realizando o trámite para legalizalo e, ao tempo, aproveitei para galeguizar o nome. Cando vou polos colexios falar con rapazas e rapaces, dígolles que só teño un rostro, pero moitos nomes. De neno, na rúa onde nacín, chamábanme Paquito, as miñas tías por parte de nai chámanme José e por parte de pai Francisco José, no traballo Paco, no banco Sr. Fernández, os compañeiros de carreira Francisco e os do gremio literario, Naval. Pero en realidade, a xente máis próxima dime Chisco. Foron moitas as persoas que me aconsellaron asinar os libros como Chisco Fernández Naval, pero finalmente non me decidín, paréceme que ese Francisco X. preserva máis a miña intimidade.

Que significado emotivo teñen para ti a cidade de Ourense e o río Miño? Como lembrás a túa infancia? Como foi cambiando Ourense?

Ourense e o Miño, en particular Oira, son o paraíso da infancia e da adolescencia do que falaba Rilke, ese lugar ao que nunca se volve pero que sempre permanece en nós como o territorio da inocencia, producindo acougo cando o evocamos. Fun un neno feliz, xoguei e soñei moito e tiveron a grandísima sorte de que meu pai traballaba nun cine, o que me permitiu ver películas moito antes de ler. Cine e río, fluír de sensacións e imaxes. Ourense cambiou fisicamente para mal, a prol dun presunto progreso perdemos demasiado patrimonio cultural e natural. Hoxe hai un proxecto de cidade e confío en que se leve a cabo.

Gañar o X Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño foi para ti como unha aventura? Os premios son xogos, loterías?

Supoño que son loterías, aínda que me gusta velos como xogos que traen aparelhada, cando ganas, a aventura de todo o que supoñen, dende a sorpresa inicial ata a xente nova que coñeces, dende o acto da entrega ata as presentacións nun ámbito diferente ao procurado por ti cando publicas un libro novo. Neste caso a aventura é maior. Xa fixemos o percorrido polo roteiro do Fiz, con María Casar e Xerardo, percorrido emocional e poético que recomendo, xa escribín sobre iso, e sei que fixen amizade con xente da que antes nada sabía e ademais síntome contento de formar parte dese grupo de ganadores do premio, entre os que hai escritoras e escritores que admiro.

O contraste luz-sombra é a esencia da vida?

Coido que si, dende a orixe. É na dialéctica luz-sombra que imos construíndo o ser que somos. Hai sombras diferentes, unhas están referidas a morte, perdas ou ausencias; outras teñen un carácter máis existencial, en relación coa íntima conciencia do que somos; hainas exteriores que nos axexan e condicionan e, aínda habería outras relacionadas con ese lado escuro que todos temos e que hai días nos que pretende instalarse en nós.

Cultivas a poesía, a narrativa, a literatura infantil e xuvenil...Pasar dun xénero a outro é como saltar de nube a nube? É unha brincadeira?

Eu empecei escribindo poesía e teatro. Agora ben, formo parte dunha estirpe de grandes narradores orais, da que forma parte a miña nai e dela aínda me alimento hoxe. Sempre quixen formar parte desa tradición e cando me propuxen a primeira novela, O bosque das antas, pensei que debería integrar todo ese universo que coñecera dende neno, narrado por ela. Poesía e narrativa si son xéneros moi diferentes, pero compatibles, cada un ten o seu momento, cada un require unha implicación, un esforzo e unha atención diferentes, pero é posible traballar as dúas. A literatura xuvenil encántame e deume algunhas das maiores alegrías como autor. Traballar varios xéneros si é como saltar dunha nube a outra e permite descansar os outros. Traballar varios xéneros permíteme estar sempre cun proxecto novo, escribir sen tempos baleiros e sen sentir que esgotaches o discurso. Fíxate, de media eu publico unha novela cada 6 ou 7 anos, un libro de relatos cada 5 ou 6, un libro de poemas cada 3 ou 4 e un de literatura infantil ou xuvenil cada 3. Porén, esa diversificación permíteme manter unha relación frecuente cos lectores.

José Angel Valente era unha voz alén do tempo porque a súas palabras eran espellos de prata?

Escribín ese texto *Unha voz alén do tempo* porque sentín algo semellante a unha agresión cando algunhas das voces que falaban del nos días que seguiron á súa morte, afirmaban que Valente era un poeta difícil, escuro, retórico, alguén que buscou o illamento, extremadamente filosófico, distante, pechado. Coñecino en vida, lino extensa e intensamente e volvo a el moitas veces. Quixera pensar que algo do que aprendín del está nos últimos dous libros de poemas, Miño e este *Bater de sombras*, algo que ten que ver con espir a palabra e facer o verso máis transparente, non tanto no seu significado, senón na ausencia de artificio inútil.

Por que a escrita dun relato está moi próxima á concisión, ao pulso e á enerxía da poesía?

Si, ten algo en común coa poesía. A razón do relato debe estar latexando xa dende o principio e, normalmente, este ten un trazo circular. Xa Rafael Dieste, no limiar do libro *Dos arquivos do trasno*, falaba das condicións que debe ter un relato e falaba de unidade emotiva; pulso dunha imaxe contida; remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas arredor da mesma luz; conceptos que para min tamén son aplicables á poesía.

Alejandra Pizarnik perdeu a súa propia sombra pero non perdeu os desexos de ser, de perder? A súa obra é como un pozo grandísimo no que non vemos nunca o fondo nin a porta de saída?

Achegueime moito á súa vida e á súa obra cando escribín o libro sobre Julio Cortázar e Galicia. Tamén Alejandra estivo aquí e escribiu a súa impresión de Galicia, ademais foi amiga de Arturo Cuadrado. Había nela coma unha fatalidade poética e nunca se mentiu, nin se resignou. Foi quen, ademais, de lle poñer nome ás sombras, ela que escribiu a noite.

Que sucedería se perdésemos a nosa propia sombra? Sería como perder os nosos nomes, as nosas historias?

Efectivamente, sería perder unha parte de nós. Supoño que somos como os días, hai en nós unha parte de luz e outra de sombra, velaí o sentido dese verso. A min paréceme que nos facemos nesa dialéctica e, de non existir a sombra ou as sombras, que nos axudaría a construír a esperanza?

Que lle achega ao teu libro a ilustración da portada, feita por Alfonso Costa?

Pedinlle a Alfonso se me facía algo para a cuberta. Deixeiille o texto, leuno e mergullouse nel. Esta ilustración, para min, reflicte ben o proceso dinámico da luz e da sombra, aí conxugados, en movemento, arredor dunha especie de oco negro. Paréceme tamén que expresa que nos límites da luz habita a sombra ou tamén que é necesario percorrer a sombra para habitar a luz.

"Bater de sombras" é un libro ferido, fermoso, delicado... Como lembrás o proceso de escrita deste poemario?

Como xa dixer, todos sentimos ás veces o poder da sombra dentro de nós. Un día do outono do 2008 eu sentín que algo loitaba por asentarse en min, algo que afectaba a unha parte do meu ser que eu consideraba libre de perigo e si, sentínome ferido. Podería ter rexeitado ese alento escuro como fago outras veces, pero decidín perseguilo, buscalo e mirarme nos seus ollos. Así naceu o libro. En principio eu fun consciente do que estaba a escribir, pero logo foron xurdindo liñas transversais das que só me decatei ao final. Nesa segunda fase, que me levou por territorios desacougantes, eu fun unha sorte de médium.

Que é para ti a beleza do trazo, da mancha, da tinta...? A elegancia das palabras habita na sutileza?

Vicente Araguas dixo unha vez que eu escribía con man de ferro dentro dunha luva de seda, supoño que era un cumprimento. O certo é que non rexeito nunca argumentos complexos, desacougantes ou que pretenden afondar nas partes escuras do ser humano, pero si trato de escribir sobre eles dende unha certa sutileza, de xeito que autor e lector poidan ir da man sen que nada os espante.